

	IES de Mugardos Departamento de FILOSOFÍA		BAC
	MATERIA	Filosofía	1.º BAC 2019 - 2020
	PROFESORA	Mº Ofelia Lubián Dubra	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN: Bloque 1. O saber e a argumentación..

2.ª AVALIACIÓN: Bloque 2. A realidade. Bloque 3. O ser humano.

3.ª AVALIACIÓN: Bloque 4. A racionalidade Práctica

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Probas escritas	80%
	Traballos/Proxectos	20 %

A nota correspondente á avaliación ordinaria será a media aritmética entre as notas en cifras enteiras das tres avaliacións anteriores. Neste último caso para o redondeo teranse en conta os traballos voluntarios feitos ao longo do curso.

En relación ao traballo na libreta valoraranse tanto os contidos teóricos (por ex. a correcta resolución de cuestións e preguntas) como os aspectos formais.

Segundo está recollido na programación, o grao mínimo de consecución para aprobar a materia contempla alcanzar o dominio básico da ortografía esixible ao seu nivel.

Medidas de recuperación: No caso de non chegar ao aprobado cos procedementos de avaliación desglosados anteriormente o alumno poderá aprobar a materia mediante un exame teórico.

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non. Lecturas recomendadas: selección de textos filosóficos feita polo Departamento para a conmemoración do Día Mundial da Filosofía. Posibilidade de recoller o traballo nunha revista conmemorativa ou Filoxornal.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Participación na celebración do Día Mundial da Filosofía o 17 de novembro promovido pola UNESCO e na Olimpíada Filosófica. Traballos e exercicios de vocabulario, lectura de selección de textos e comentario de vídeos. Presentacións.